

A situación da lingua galega no ensino no primeiro tercio do século XX

Sabela Rivas Barrós

Universidade de A Coruña.

RESUMO: O obxectivo deste traballo consiste en abordar o estudo da situación na que se atopaba a lingua galega no sistema educativo no primeiro tercio do século XX. En primeiro lugar, preséntanse unha serie de valoracións críticas desta situación feitas desde o movemento galeguista. Tamén presentamos os argumentos esgrimidos polo galeguismo na defensa do ensino como factor importante de transmisión e adquisición de competencia e pautas de comportamento lingüístico. Finalmente, describimos a posición do profesorado ante a normalización lingüística para o ensino.

ABSTRACT: The purpose of this article is to examine the study of the situation of the Galician language in the school system during the first third of the XXth century. We first present a series of critical reviews of this situation by the Pro-Galician movement. Also discussed are the arguments given by the Pro-Galician movement in defense of education as an important factor in transmitting and acquiring competence and linguistic behavioral patterns. Lastly there is a description of the position of the teaching staff on linguistic standardization in education.

Introducción

Ante a conflictividade lingüística que supuxo en Galicia a política de uniformismo lingüístico emprendido xa na época medieval coa anexión ó reino de Castela e que leva á convivencia de dous idiomas cunha inxusta orde xerárquica: o castelán, idioma dos posuídores, dos administradores e dos letrados e o galego, idioma dos desposuídos, dos administrados e dos iletrados; desde posicións galeguistas vanse emprender unha serie de accións encamiñadas á recuperación normalizadora do idioma galego.

Unha destas accións vai ser a de reivindicar o estudo e o emprego do galego nos distintos niveis do ensino. Efectivamente, xa no século XIX iníciase desde posicións Rexionalistas, a través dos homes e as mulleres do Rexurdimento, unha campaña en defensa da inclusión do galego como materia de ensino nas escolas. Era esta unha campaña de

carácter “conservacionista”, defendíase o uso do galego en espazos máis ou menos “reservados” (folklore, literatura,...) pero sen entorpecer os dominios do castelán que gozaba duns espazos máis estendidos (cultos relixiosos, Administración, Xusticia, investigacións científicas, etc.)

A partir de 1916, xa na etapa Nacionalista, o galeguismo empeza a estender tanto cuantitativa como cualitativamente as reivindicacións sobre o idioma galego. Empréndese así unha liña de normalización que se vai traducir no uso, exhibición, dignificación e ampliación do volume e presenza pública do galego. Esta liña de normalización vai superar con claridade as anteriores reivindicacións que demandan a introducción do galego como materia de estudo. Agora vaise reclamar, principalmente a partir de 1932, o uso do galego como vehículo de comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

Sen dúbida, estas reclamacións non eran só problema de linguaxe; estaba en xogo a toma de conciencia da realidade nacional de Galicia, con todas as súas posibilidades, que se simbolizaba na cuestión lingüística. Deste xeito, as arelas pedagóxicas do galeguismo vanse centrar nas escolas rurais nun intento de atinxir que se permitise o uso da lingua materna para acabar coa inseguridade lingüística e a xenoestima do alumnado e, ó mesmo tempo, mellorar a eficacia do ensino.

1. Crítica á política asimilista en materia do idioma

A aceptación do feito de que o uso do galego e o castelán non é unha asunción individual senón que está determinado social e politicamente leva ós galeguistas a criticar duramente a unificación lingüística que se está a levar a cabo a través dunha política centralista posto que, para eles, a lingua é o elemento distintivo máis importante dun pobo: “de todol-os vencellos sociaes d-unha nación, a fala é o primordial i esencial, porque aglutina e caracteriza ós elementos do grupo e mantén a potencialidade do feito nacional”¹.

Así pois, a morte ou apagamento dunha lingua vai facer que o pobo que a fala desapareza como tal, posto que renunciar a unha lingua significa renunciar á existencia como nacionalidade. E, precisamente, ó que non están dispostos os galeguistas é a renunciar ó seu obxectivo principal que era o de acadar o recoñecemento de Galicia como nación, polo que van intentar por tódolos medios acabar coa política asimilista que está a utilizar

¹ Alfonso Castelao, *Sempre en Galicia*, Ed. Crítica, Universidade de Santiago de Compostela, 1992, p. 524.

a escola como elemento desgaleguizador prohibindo que nelas se fale e estude o galego. Esta era a situación segundo nola describe *A Nosa Terra*:

N-as nosas escolas de primeiro ensino, pérdese a meta d'a labore que n-elas fan os mestres c'o xeito castelán que lle dan ás súas ensiñanzas. O neno galego, afeito a ouvir e falar galego n-a familia e n-a rúa, con moi cativo vagaxe de mal adeprendidas verbas casteláns, vai á escola donde soamente ouve por mandato d'un asoballante centralismo, as espraciciós que lle da o seu mestre n-unha lingua allea, istraña, que ten que enxerguer ó tempo qu'o seu tenro cerebro vai laborando, n-un dobre porceso psíquico, o coñecemento que lle queren transmitir².

Así e todo, o feito que máis preocupaba non era que o alumnado só escoitase falar castelán ó profesorado senón a mensaxe, non sempre subliminal, que este transmitía: o galego era unha lingua "rústica" e inculta moi inferior ó castelán que eles, e todas as persoas que ocupaban unha posición superior, falaban.

Nun "Cursiño de Extensión Escolar" celebrado en Pontevedra no ano 1935 o inspector de ensino primario e director da sección de Pedagogía do Seminario de Estudos Galegos, Díaz Rozas, diríxese ós mestres para chamarlles a atención sobre "la perniciosa influencia que en el normal desarrollo intelectual del niño tienen las burlas de que puede ser objeto por su dificultad de expresión en la lengua castellana"³.

Estas burlas das que fala Díaz Rozas van producir nos nenos e nenas galego-falantes un complexo de inferioridade ou xenoestima que preocupa moito a Castelao cando escribe: "Prohibíchedes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles creer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben"⁴ e continúa facendo unha análise máis profunda do problema ao indicar:

o neno galego que vai á escola fala unha líncoa diferente, pero semellante á do mestre: unha líncoa que non é dos libros nin das cartas que se reciben na súa casa. O neno esforzase en falar na líncoa do mestre, que considera superior á que falan os seus pais. O neno depende a decir moitas cousas sen saber ben o que dí e sen comprender ben o significado das verbas que pronuncia. A interferencia das dúas líncoas rebaixa o desenrolo espiritual do neno, porque non sabe falar na líncoa do mestre e ten vergonza de falar na líncoa que mamou. O neno

² A. Santos Vila, "O castelán pol-o galego", *A Nosa Terra*, 30-IX-1918.

³ José García Nodar, "Nuestra autonomía y la libertad escolar del niño", *El Pueblo Gallego*, 6-IX-1935.

⁴ Alfonso Castelao, op. cit., p.258.

non é dono de ningunha língoa, porque o idioma imposto non logrou matar o seu idioma natural; pero logrou degradalo. O neno perde a expresión espontánea do pensamento e sofre un complexo de inferioridade que non o abandoa⁵.

Nestas reflexións, Castelao, está a describir unhas pautas de comportamento lingüístico propias da situación diglósica na que se atopaba a poboación galega e que a conducía a unha infravaloración da propia lingua xa que da conciencia de falar peor do que os demais grupos (ou de falar mal) nace a inseguridade lingüística e esa extorsión non é espontánea nen feita ó chou, os valores superiores atribuídos a unha fala nacen sempre do grupo que máis poder ten na comunidade lingüística.

A inseguridade lingüística ou o complexo de inferioridade do que fala Castelao non consegue, sen embargo, que os rapaces e rapazas abandonen o uso da súa língoa. En efecto, posto que os nenos e nenas tiñan fondamente interiorizado que falar en galego era falar mal e falar castelán era falar ben e dado que a escola non lograra, por diversas razóns, implantar o uso do castelán, a resposta máis habitual ante esta situación de conflictividade lingüística que se vivía nas escolas era o silencio.

Neste sentido, son numerosos os informes da Inspección e comentarios de mestres e mestras nos que se destaca, moitas veces sen coñecer a causa, o silencio do alumnado ante as preguntas dos inspectores ou dos propios mestres e mestras como o demostra a seguinte testemuña:

Los niños oriundos de lengua y raza celta, temen falar [sic] el castellano, ante el profesor que interroga, y prefieren pasar por irreverentes y anormales, antes que su lengua se abra para dar el nombre al signo, no por la ignorancia e incompresión del objeto nombrado, sino por ese temor a falarlo [sic]⁶.

E se de signos falamos compre abordar un aspecto fonético que foi obxecto de burlas e de castigos nas escolas galegas: trátase da “gheada” e “gueada”. En efecto, unha das grandes teimas dos mestres e mestras así como dos inspectores era a de acabar co fenómeno dialectal da Gheada⁷, considerado como un rasgo de “rusticidade” e “incultura” despreciado e atacado tamén por gramáticos, lexicógrafos e outros estudiosos do fenómeno⁸.

⁵ Ibid. p. 339.

⁶ Luciano G. Fernández, “La Pedagogía moderna y la escuela de aldea”, *Vida Escolar*, 6-X-1928.

⁷ A Gheada é o nome co que se designa a realización fricativa faringal do g, en formas como amigho ou ghato. Esta pronuncia faringal é a máis estendida no actual territorio lingüístico galego.

⁸ F. Fernández Rei, *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais, 1991, 2ª Edición, p. 177.

Velaquí dous testemuños que no-lo confirman con absoluta rotundidade. O primeiro é o de Valladares cando indica, no decorrer do ano 1884, no prólogo do seu Dicionario Gallego-castellano: “Las geadas son un defecto de la gente idiota: consisten en hacer fuerte la g suave, como en gaita, guerra, guinda, gozo, gusto ...”⁹. O segundo testemuño, é o de Cotarelo Valledor quen comparte a mesma opinión: “tan grosero hábito sólo se usa entre el vulgo, pero a veces induce a confusión a personas algo ilustradas”¹⁰.

Non obstante, aínda que escasos, este fenómeno tamén tiña defensores como é o dun dos grandes partidarios do emprego do galego no ensino, Aurelio Ribalta, do que reproducimos o seguinte texto escrito en 1910 no que deixa ben claro a súa oposición á opinión vertida por Valladares:

Eu, xa fai tempo, kixen estudare eso das *geadas*¹¹; pola parte dos literatos tratei denterarme perguntándolles a eles: pola parte do pobo perkurei fazere ouserbaziós. O detalle destas demandas e curioso, pro non kabe nesta nota. O seu resultado foi (...) arredáreme dos eruditos e pasáreme ao partido popular, ao da xente, anke o señor Valladares lle chame idiota. Eu kreo keas *geadas* non son “un defecto, un simple abuso de pronunciación. (...)”

Eu sigo a prenunzia das mais das xentes do mais de Galizia, non tan forte koma de j frikativa, simple, trinada, nin tanpouko ko a sonoridá do g glóitiko, o g duro do francés.

Boume koo feito filolóxico, pouko estudiado aínda, e ben mais merezente destudio ke dos kalifikatibos “defecto de gente idiota”, “abuso de simple pronunciación” e outros polo estilo. A xente kulta e literata ten tamén as suas lixeirezas¹².

Pero parece que o profesorado coincidía máis coa opinión de Valladares e Cotarelo que coa de Ribalta como o demostra L. de Sergude nas páxinas de *A Nosa Terra* no ano 1916:

E tanto traballa o mestre ensinándolles o ja, jo, ju, ge, gi, co son castelán, que xa, no adiante, non hai pra os probes neníños nin regatos, nin fragas e demais verbas que teñen algún g, inda que este sino endexamais tuvo na nosa fala a pronuncia áspre que se lle dá ao j no idioma de Castela¹³.

Case vinte anos despois, no 1935, parece que este tarefa dos mestres aínda non rematara pois desde *La Voz de Galicia* seguíase insistindo no mesmo tema: “La labor del maes-

⁹ Ibidem.

¹⁰ Idem., p.178.

¹¹ En cursiva no orixinal.

¹² F. Fernández Rei, op. cit. pp.179-180.

¹³ L. de Sergude, “Pol-as Escolas Galegas”, *A Nosa Terra*,25-XII-1916.

tro al frente desta escola ha de empezar, incluso en los niños de 14 años, por enseñarles a hablar. Hay que luchar denodadamente para conseguir que digan "Galicia" en vez de "Jalicia"¹⁴.

2. A defensa do galego no ensino.

A análise da situación diglósica na que vivía o galego convenceu ós galeguistas de que para lograr o obxectivo de incorporálo como lingua vehicular no proceso de ensino-aprendizaxe debían intentar modificar a súa consideración social xa que eran conscientes de que só na medida en que unha comunidade, cunha lingua e cultura propia, defenda a súa identidade poderá favorecer o seu mantemento e consolidación. Por esta razón, a tarefa principal vai consistir en proporcionar argumentos que contribuísen á valoración do galego como lingua de uso da poboación galega en todo tipo de situacións. Estes argumentos podémolos resumir en factores de identificación, de utilidade e de prestixio¹⁵.

No que respecta ós factores de identificación, inclúen tódalas argumentacións que buscaban unha actitude positiva nos falantes cara a lingua, insistindo na súa valía como signo de identidade colectiva.

O segundo, constituído polos factores de utilidade, abrangue todos os argumentos que demostran o beneficioso e útil que era para o ensino a introducción do galego como código de comunicación.

Finalmente, os factores de prestixio consistían en acudir a pedagogos moi coñecidos que coincidisen coas súas argumentacións.

Xohan Vicente Viqueira foi un dos primeiros autores do primeiro tercio do século XX que defendeu o emprego do galego nas escolas aducindo argumentos de identificación ao sinalar que:

A língua é un anaco da nosa alma coeitiva do que ningunha lei humana poderá obrigar a desprendernos. (...) a división lingüística traí consigo unha división cultural perigosa para Galicia. Cinco sextas partes d'os galegos falan galego e só unha sexta parte castelao, ou millor, unha

¹⁴ J. Sueiro, "Realidades de la Escuela rural", *La Voz de Galicia*, 16-III-1935.

¹⁵ C. Hermida, *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Vigo, Xerais, 1992, pp. 90-142. Nesta obra sinálanse estes factores como o resumo dos argumentos presentados polos autores do Rexurdimento para contribuir ó aprecio da lingua galega.

cousa que as máis das veces sômente con aproximación pode chamarse castelao. Entre as dúas clas de poboación lingüística existe unha división fondísima, cuase un abismo, que é preciso desfacer. E isto non pode abranguerse practicamente mais que falando o galego, a sesta parte da poboación que é a que representa a cultura superior ou, ao menos, pretende e pode representala¹⁶.

Tamén Castelao no seu *Sempre en Galiza* recorre a factores de identificación para defender o emprego do galego como lingua vehicular do ensino. Estas son as súas palabras:

Galiza, como grupo étnico, ten dereito a diñificar a lingoa que o seu propio xenio creou, porque é unha língoa capaz de ser vehículo da cultura universal, porque lle serve para comunicarse cos povos de fala portuguesa, porque non ten outra mellor para expresar os seus sentimentos e porque perdéndoa xa non lle quedaría ningunha razón de existir. Se Galiza non reclamase a oficialidade do seu idioma e o dereito a usalo como lingoa vehicular do ensino ¿podería presumir de capacitación política para rexir a súa vida?¹⁷.

En relación ós factores de utilidade atopamos numerosos argumentos que defenden a introducción do galego nas escolas polas seguintes razóns: en primeiro lugar, coa obrigatoriedade do uso do castelán nas escolas non se consegue que o alumnado aprenda este idioma tendo en conta que os mestres e mestras, principalmente *os incompletos*, non teñen o desexable dominio desta lingua nin a suficiencia pedagóxica que lles permita levar a bon fin o seu ensino, razón pola cal os nenos e nenas saen das escolas sen saberen falar, ler ou escribir o castelán nen o galego. Victoriano Taibo describenos este feito:

... nas nosas escolas (...) onde os escolantes s'empañan n-enseñaren o castelao pol-o castelao mesmo, os probes cativiños san d'ilas fartos de labazadas e valdeiros de letras: dicindo auja e don Guanito: co galego en bárbaro y-o castelao en brutiño¹⁸.

En segundo lugar, e tendo en conta o aspecto anterior, para conseguir un ensino realmente eficaz cómpre recorrer á utilización do galego pois: "o mestre que queira qu'a sua enseñanza seia eficaz non ten máis remedio que valerse d'ô noso idioma. E imposible (...) qu'a enseñanza n'as escolas seia cumprida, eficaz e perfeuta si se prescinde do galego"¹⁹.

¹⁶ Xoan V. Viqueira, *Ensaíos e poesías*, Vigo, Galaxia, 1974, p. 148.

¹⁷ Alfonso Castelao, op. cit., p. 338.

¹⁸ V. Taibo, "A fala no ensino", *A Nosa Terra*, 5-I-1917.

¹⁹ Ortiz Novo, "O noso apostolado", *A Nosa Terra*, 10-III- 1918.

En terceiro lugar, e posto que a principal misión do profesorado é a de comunicarse co alumnado, achegarse ás súas inquedanzas, coñecer os seus problemas, transmitirles e recibir coñecementos, cómpre evitar todo tipo de interferencias que poida haber na comunicación. Unha destas interferencias, a máis importante, consiste en non empregar o mesmo código verbal. É pois imprescindible que os mestres e mestras falen galego para poder establecer unha boa comunicación cos rapaces e rapazas.

Por último, e referíndonos ós factores de prestixio, temos que indicar que na busca de apoios científicos que defendan o emprego do galego nas escolas recórrase, en numerosas ocasións a autores da Escola Nova como é o caso de Decroly ou Pestalozzi coñecidos polos seus estudos sobre o emprego do ensino da lingua materna. Así o fai Villar Ponte cando escribe:

Pestalozzi dijera que hay una una sola escuela buena: aquella que imita a la madre. Y una escuela donde el maestro no sólo trata de enseñarles a los párvulos en idioma diferente del que ellos usan sino que les reprende incluso cada vez que exteriorizan alguna palabra del propio, ¿cómo ha de atraerlos en ningún caso?²⁰.

Efectivamente, desde finais do século XIX e no primeiro tercio do XX o adxectivo de “materna” está vinculado á defensa da lingua submetida e apoiada na súa condición de lingua que emprega a maioría, ou practicamente o total da poboación, lingua “natural” portanto, afastada de todos os usos públicos e oficiais. É un epíteto asociado á natureza en notoria relación co idioma “que se mama” e que ten que ver co clima científico imperante neses anos no que as ciencias naturais influían na análise das realidades humanas²¹.

Ademais da Escola Nova acudiuse en varias ocasións ó pedagogo español Lorenzo Luzuriaga que tamén aboga porque o ensino primario se faga na lingua materna dos rapaces e rapazas posto que, na súa opinión, é o único xeito de que se poida aproveitar o seu valor pedagóxico e de dar ó ensino unha verdadeira eficacia²².

Asemade, Vicente Risco, no seu “Plan Pedagóxico Pr’a Galeguización d’as Escolas” vai dedicar un apartado especial ó tema da lingua no que se recollen todas as razóns para

²⁰ Antón Vilar Ponte, “El serio problema del bilingüismo en la escuela”, *La Voz de Galicia*, 23-I-1935.

²¹ M.P.García Negro, *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*, Edicións do Cumio, Pontevedra, 1991, pp. 109-134.

²² “Os homes, os feitos, as verbas”, *Nós*, 15-III-1928.

defender a entrada do galego na vida escolar e onde se expoñen esquemáticamente as extratexias didácticas a empregar nas aulas facendo fincapé na alternancia entre o estudo do castelán e o galego. Así pois, desde posicións galeguistas vaise defender maioritariamente un ensino bilingüe co uso exclusivo do galego nos primeiros anos de asistencia escolar.

A partir de 1932, o goberno da República publica dous Decretos nos que se recoñecía o bilingüismo en Cataluña. Esta medida recoñecía a existencia dentro do Estado español doutras linguas minorizadas ademais do catalán: o galego e o vasco. Sen embargo, ante a tardanza da súa extensión a Galicia, o movemento galeguista vai emprender unha importante campaña demandando a súa inmediata aplicación.

Otero Pedrayo, Diputado electo por Ourense no Parlamento da República, interpela ó parlamento sobre o tema do bilingüismo o 24-V-1933:

Así es que nosotros reclamamos que el decreto de bilingüismo que se concedió y que se anuncia como extensivo el criterio a las demás regiones situadas en similares circunstancias, sea extendido a Galicia, no como favor, sino como derecho, mejor dicho, como el reconocimiento de una realidad. Porque de hecho, si algo eficaz se hace en enseñanza y en las relaciones sociales dentro de Galicia tiene que ser con el idioma propio de aquella región²³.

O Estatuto de Autonomía de 1936 recollía as arelas galeguistas en canto ó emprego do galego no ensino, recoñecendo o seu carácter bilingüe, pero a Guerra Civil impediu a súa posta en práctica.

Con todo non falta quen defenda desde o galeguismo posturas monolingües sobre ó emprego do galego no ensino. Tal é o caso de Rogelio Pérez (Roxerius) que, aínda que admite que o bilingüismo é quizais a demanda máis realista, pensa que a solución ó conflito lingüístico pasaría pola obrigatoriedade de empregalo en todos os niveis do ensino: “nos, referíndonos o galego, que é un idioma e non un dialecto, chegaríamos cicais a decir pra todo o ensino. Pro quedémonos n’o bilingüismo, indo a él dendes d’o galego”²⁴.

Agora ben, o monolingüismo que defende Roxerius e outros galeguistas para Galicia non é contradictorio senón complementario do recoñecemento da pluralidade lingüística e a interculturalidade. Así o fai Castelao:

²³ Vexanse os *Discursos Parlamentarios (1931-1933)*, op. cit. p.143.

²⁴ Roxerius, “A Pedagogía y-o bilingüismo”, *El Pueblo Gallego*, 25-VII-1934.

podemos e debemos aspirar a que eista unha língoa internacional, coa que poidamos andar pol-o mundo i entendernos coa xente de todol-os pobos. Esta sería unha segunda língoa dependida obrigatoriamente en total-as escolas, por acordo de todol-os países²⁵.

3. A posición do profesorado ante o tema do idioma

Para poder levar á práctica o proxecto de galeguización do ensino era preciso contar cun profesorado plenamente coñecedor da realidade galega e concienciado á súa vez do importante labor que lle correspondía neste proceso.

Desde as filas do galeguismo criticábase, que as mestras e mestres foráneos (que non coñecían a lingua nin a problemática galega) estivesen impartindo clase nas escolas rurais de Galicia. Para eles, propoñíase a asistencia obrigatoria a cursos especiais sobre cultura galega nos que deberían, ó rematar os mesmos, conseguir un certificado de aptitude.

En canto ó profesorado oriundo de Galicia iniciouse un labor de concienciación insistindo constantemente na necesidade da utilización do galego nas escolas. Deste xeito, vaise realizar unha campaña a favor da creación de cátedras de Galego nas Escolas Normais de Galicia, así como a inclusión nos seus plans de estudo de materias relacionadas coa cultura galega. Así, puñao de manifesto Viqueira: “Naturalmente que temos que exigir o coñecimento do idioma local ao mestre, e aspirar a que se decrete obrigatorio seu estudo n’as escolas normaes”²⁶.

Sen embargo, o terreo legislativo estivo marcado por criterios negativos en contra da galeguización do ensino como queda patente nunha Real Orden de outubro de 1925 referente á liberdade de Cátedra na que se sinala que:

Es un fin primordial del Estado atender a su propia conservación, y en tal sentido todo Gobierno que se precie de cumplir su misión debe realizar aquél con preferencia a cualquier otro, exigiendo para ello la obligada cooperación de todos los ciudadanos, y más especialmente la de los funcionarios públicos (...) Así lo realiza la inmensa mayoría del profesorado español; pero hay algunos, pocos, que estiman que, terminada su diaria labor docente, ninguna relación hay entre ellos y el Estado de quien dependen, y tienen libertad completa para, con funesto ejemplo para sus discípulos y con grave daño del orden social, dedícanse a propagandas, más o menos encubiertas, contra la unidad de la patria... Por esta disposición se ordena lo siguiente: Que los rectores de las Universidades del reino como inspectores de los

²⁵ Alfonso Castelao, op. cit. p. 484.

²⁶ Xoan V.Viqueira, op. cit. p. 149.

centros públicos de enseñanza en la demarcación que respectivamente les corresponda; los directores de dichos centros por lo que a ellos afecta, y los inspectores de primera enseñanza por cuanto atañe a las escuelas nacionales de su zona, se vigile cuidadosamente que las doctrinas que se expliquen en las aulas no sean de carácter antisocial o contrarias a la unidad de la patria, teniendo el mayor cuidado que esto no sea burlado con cualquier pretexto por algunos profesores o maestros dentro de sus clases²⁷

A Constitución da II República do 9 de decembro de 1931 no Artigo 4º indicaba que: o castelán é o idioma oficial da República e que todo español ten a obriga de sabelo e dereito de usalo, sen prexuício dos dereitos que as leis do Estado lles recoñezan ás linguas das provincias ou rexións. Salvo o que se dispoña en leis especiais, a ninguén se lle poderá esixir-lo coñecemento nin o uso de ningunha lingua rexional.

O momento máis conflictivo no debate sobre a cooficialidade do galego e o castelán entre o profesorado, vaise producir co gallo da celebración da Asamblea do 4 de xuño de 1931 en prol do Estatuto de Galicia, celebrada na Coruña, na que houbo unha grande representación do Maxisterio.

Meses antes, o 18 de abril de 1931, celebrábase en Moaña unha reunión convocada pola UGT para subscribir un comunicado a favor da escola única e do ensino nacional como patrimonio do Estado. Ante a convocatoria para asistir á Asamblea da Coruña os mestres e mestras presentes deciden facer un chamamento ás distintas asociacións profesionais, comarcais e provinciais para que envíen á dita Asamblea os seus representantes co fin de expoñer as súas inquiredanzas con respecto ó tema da administración autonómica e do bilingüismo que se resumían nos seguintes términos:

Los maestros nacionales verán con agrado el otorgamiento a la región y al municipio de amplias facultades para crear y sostener centros instructivos y educadores compatibles con los del Estado Federal.

La escuela primaria debe ser patrimonio único del Estado federal, adaptada a las modalidades regionales y comarcales. El castellano debe ser, en todas las regiones españolas, el instrumento preferente de cultura (...). Los maestros, no obstante, utilizarán la lengua materna como instrumento de enseñanza en los casos precisos, para lo que será necesario prepararseles debidamente²⁸.

²⁷ "Noticiero", *La Voz de Galicia*, 6-11-1925.

²⁸ "Como piensa gran parte del Magisterio gallego", *Vida Escolar*, 23-V-1931.

Xa na Coruña a intervención do representante dos mestres e mestras de Pontevedra, López Varela, resultou, segundo informa *La Voz de Galicia*, dunha grande conflictividade posto que se mostrou moi reticente á introducción do galego no ensino destacando os inconvincentes de non saber falar castelán para os galegos que se ven obrigados a saír de Galicia, comentario que provocou numerosas protestas por parte dos sectores galeguistas²⁹.

No temor por parte do Maxisterio á Autonomía non ocupaba un espazo determinante o problema da cooficialidade, o que verdadeiramente se temía era que se producise unha merma na súa posición social, nos seus dereitos adquiridos despois de moitos esforzos. Preocupaba, en definitiva, o control por parte das "Juntas Provinciales e Locales de Instrucción Pública", dominadas polos caciques, e que tanto dano fixeran ó profesorado anos atrás. Desde as páxinas de *Vida Escolar* deixábase patente esta inquietude:

Ese peligro está en que el maestro puede volver a depender de los municipios lo mismo en el orden profesional que en el económico, en el técnico, como en el administrativo; y ante esa amenaza, ¿quién puede haber olvidado las injusticias, los atropellos de que fué objeto el maestro en el último tercio del siglo XIX? ¿Cuándo podrán borrarse de nuestra memoria las persecuciones de que fué víctima, las miserias y vergüenzas a que se vió sometido en el ejercicio de su cargo?³⁰.

Habería que agardar ó ano 1935 para que estas valoracións desen un xiro significativo. A partir desta data tanto a FETE (Federación de Trabajadores de la Enseñanza) como a ATEO (Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Orense), despois da importante campaña realizada polo Partido Galeguista, comezarían a introducir nos seus programas a defensa da galeguización do ensino³¹.

Finalmente, un mes antes do plebiscito autonómico celebrado o 28 de xuño de 1936, un grupo de 23 mestres e mestras afiliados ó Partido Galeguista asinan un manifesto, que reproducimos, dirixido especialmente ó profesorado no que se declaran defensores do Estatuto como paso imprescindible no camiño da galeguización do ensino e dun destino prometedor para Galicia:

²⁹ "Asamblea Galleguista de La Coruña", *La Voz de Galicia*, 5-VI-1931.

³⁰ L. Casero Sánchez, "El Magisterio enfrente al 'nazionalismo' ", *Vida Escolar*, 8-VIII-1931.

³¹ Xosé M. Cid Fernández, *Escola, Democracia e República*, Universidade de Vigo e Concello de Ourense, 1994, pp. 56-59.

Non podíamos nos quedar ao marxen do movemento de autodeterminación política da Nosa Terra. Por razóns de orde histórico, social e mais aínda pedagóxico solicitamos un posto nas vangardas da loita pol-o conqwerimento das liberdades de Galicia. Pedimos pra escola e pra o neno un posto nistes intres históricos.

A escola ten de ser o berce dunha nova estruturación social. Queremos facer do ensino unha sementeira de cooperación e de cultura. Todal-as nosas angueiras van encamiñadas a ise fin.

Aledámonos de facer púbrica a nosa posizón cando Galicia esperta, cando unha nova vida alborexa nos eidos do noso espírito.

Por ben de Galicia, por ben da escola, por ben do neno e pol-o noso propio ben: ¡A traballar pol-o éxito do noso plebiscito e pol-a redención da nosa Terra!³².

Asinan o manifesto: Avelino Pousa Antelo, José Toba Fernández, Ricardo Rios, Carmen Costa, Barral Cernadas, Amadeo Valcárcel, Julián Paz, Esther Vara Hernández, Rogelio Pensado, José García Antelo, Pilar Asorey Segond, Ramona Lois Asorey, Eugenia Villaverde, María Lourdes Costa, Agustina Mosquera Rodríguez e Lina García González, entre outras e outros.

³² "O Maxisterio diante da Autonomía de Galicia", *Vida Escolar*, 20-VI-1936.